



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Materia: Teoría e práctica das técnicas dos bens pictóricos III

Departamento: Tecnoloxía e procedementos dos bens culturais

Obrigatoria da especialidade	Curso: 4º pintura	Cuadrimestral	3 ECTS
-------------------------------------	--------------------------	----------------------	---------------

Teórico-práctica

Profesora: Araceli Torres Fernández
aracelitorres@edu.xunta.es

Horario: 3 horas semanais

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Teoría e práctica dos diferentes procedementos e técnicas dos bens pictóricos, para a súa aplicación na conservación e restauración: metodoloxía e materiais. Identificación das técnicas. Coñecemento e execución dos distintos procesos de elaboración do ben cultural. Métodos de copia e reprodución.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais, establecendo os mecanismos axeitados de comprensión e diálogo interdisciplinario.
X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE PINTURA

EP5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concernente ao patrimonio pictórico.
EP7	Investigar o patrimonio cultural pictórico, tanto no referido á evolución, constitución e causas de deterioro dos devanditos bens culturais, como no referido á metodoloxía de traballo da conservación e restauración de obras pictóricas.
EP10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.



COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA

- Coñecemento dos distintos materiais empregados para a creación de pintura sobre táboa e normativa básica como a correcta forma de aplicación, compatibilidades e diferentes usos (según a técnica empregada), características dos mesmos e posibilidades plásticas.
- Adquirir a capacidade, como consecuencia do coñecemento dos materiais constitutivos dos bens pictóricos sobre táboa e as súas compatibilidades, de comprender mellor as causas que provocan a degradación das obras (aplicación pouco correcta dos materiais, técnica defectuosa, factores ambientais, etc.) e evitalas.
- Coñecemento das técnicas tradicionais en pintura sobre táboa.
- Adquirir a capacidade do coñecemento práctico de diferentes técnicas pictóricas sobre táboa.
- Comprender e aplicar os diferentes procedementos e técnicas constructivas en produción de pintura sobre táboa.
- Adquirir a capacidade de coñecemento da dinámica das obras e as distintas fases de que consta o proceso de elaboración, a través de un contacto directo coas mesmas.
- Comprender e aplicar a potencialidade de cada técnica.
- Comprender e aplicar as normas de seguridade, hixiene, saúde e medio ambiente da actividade dun obradoiro.

UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADES	ACTIVIDADES	% no total da materia
U.D. 1. Útiles e ferramentas empregados en pintura sobre táboa.	Útiles e ferramentas tradicionais. Útiles e ferramentas actuais.	5%
U.D. 2. Medidas de seguridade no manexo de ferramentas e produtos tóxicos.		5%
U.D. 3. A táboa. Preparación e tipos de ancoraxes e ensamblaxes.		20%
U.D. 4. O aparello. Preparación, tipos e recursos.		10%
U.D. 4. Dourado. Preparación e recursos.		20%
U.D. 5. Técnicas de elaboración pictórica. Elementos.		30%
U.D. 6. Vernizado e acabado final.		10%

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introductorias	3	0	3
Sesión maxistral	15	0	15
Traballo tutelado - Debates, resolución de problemas ou exercicios e outras actividades.	10	10	20
Traballo de laboratorio	26	0	26
Traballo autónomo	0	11	11
Total	54	21	75

METODOLOXIA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
-------------	------------



Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e os temas. Toma de contacto do alumnado cas fases do proceso de produtivo da pintura sobre táboa.	
Sesión expositiva-participativa	Adquirir o coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír o traballo autónomo, utilizando as exposicións e presentacións orais do docente xunto a outras ferramentas e cuestións do alumnado.	
Traballo tutelado - Debates, resolución de problemas ou exercicios e outras actividades.	Charlas abertas e comentario crítico (oral ou escrito) a partir da lectura de artigos científicos, libros, etc., relacionados coa materia . Actividades nas que se formulan problemas e/ou exercicios. Estas desenvolveranse baixo directrices docentes e serán individuais ou cooperativas; o alumnado debe desenvolver os exercicios e problemas, as reflexións e análises, as resolucións e as propostas de maneira autónoma. En outras actividades considerase a elaboración de un libro de procesos, a posibilidade de visitas externas e traballos asociados a elas, etc.	
Traballo de laboratorio	Adquisición e desenvolvemento das habilidades básicas e procedementais, coa aplicación dos coñecementos adquiridos. Desenvólvense en espazos especiais con dotación especializada.	
SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	Cualificación das probas: Aplicación dos coñecementos adquiridos Rigor técnico e grao de aplicación de conceptos teóricos. Corrección no desenvolvemento do exercicio Presentación do exercicio	10%
Traballos tutelados e outras actividades orais e escritas	Calidade do traballo, da presentación oral e escrita (comentarios, reflexións, etc.): rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos. Capacidade de reflexión e síntese para establecer conclusións. Claridade e eficacia na expresión e forma. Capacidade de estruturación. Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Colaboración, participación e interese. Puntualidade na entrega.	20%
Intervención, resolución de problemas	Capacidade de resolución: problemas, imprevistos. Calidade do traballo: rigor técnico; grao de aplicación dos conceptos teóricos e coñecementos. Capacidade de reflexión, síntese para establecer conclusións. Responsabilidade no traballo. Capacidade de organización Colaboración, participación e interese. Puntualidade na entrega.	50%
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula-taller	Asistencia e puntualidade (tanto na entrada como na saída). Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. Calidade no traballo.	20%



	Responsabilidade no traballo. Capacidade de organización. Colaboración, participación e interese.	
Total		100 %
OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN		
<p>A asistencia é obrigatoria, debido o carácter práctico da materia e avaliarase de forma continua o progreso do proceso de aprendizaxe.</p> <p>A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación e na perda o dereito á avaliación que se realiza de modo continuo ao longo do curso; este proceso contempla todos os resultados acadados no traballo de clase: realización de todas as actividades, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados, xunto ás probas propostas ao longo do curso.</p> <p>Os alumnos que acumulen un número de faltas igual ou superior ao 25% do total, ou que non teñan entregado no prazo máximo estipulado dous ou máis dos traballos requiridos, non serán avaliados na convocatoria ordinaria de forma continua e terán que realizar e entregar unha proba escrita específica e outra práctica os días establecidos para a convocatoria ordinaria. Os traballos e probas individuais propostos ao longo do curso deberán en calquera caso ser realizados e entregados. No caso de non superar ningunha das posibilidades terán que ser avaliados na extraordinaria.</p> <p>Informarase ao alumnado ao longo do curso na aula sobre a avaliación de cada un dos traballos propostos. Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, realizaranse unha nova entrega de traballos que servirá de recuperación dos traballos non superados, sempre e cando foran entregados dentro das datas establecidas.</p> <p>A avaliación ordinaria, continua ou non, poderá incluír a realización de probas específicas, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da aplicación da avaliación continua.</p> <p>No caso de perda de avaliación continua na convocatoria ordinaria por causas xustificadas, o docente xunto ao xefe de departamento, unha vez estudado o caso, poderá establecer a posibilidade de probas alternativas.</p> <p>Os alumnos que non superaran a convocatoria ordinaria, terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria. Nesta o alumno terá que realizar unha proba escrita e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.</p> <p>De cara á avaliación extraordinaria proxectaranse nas titorías didácticas, ou previamente na aula, os procedementos de recuperación previos, alternativos ou complementarios, ás probas (escrita e práctica que o alumno terá que realizar no mes de xullo).</p>		
ATENCIÓN PERSONALIZADA		
<p>Ofrecerase atención personalizada ao alumnado durante todo o curso. As titorías serán presenciais, poderán ofrecerse durante as sesións de docencia ou no despacho do profesor, tanto en horario de titoría como en outros momentos con previo acordo.</p>		

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA
<ul style="list-style-type: none"> • BIBLIOGRAFÍA BÁSICA: • • Basajaun/Madreselva. El hombre y la madera. 2 ed. Barcelona: Integral, 1985. • Bomford, David, Jill Dunkerton, Dillian Gordon y Ashok Roy. <i>La pintura Italiana hasta 1400. Materiales, métodos y procedimientos del arte</i>. Barcelona: Ediciones Serbal, 1995. • Doerner, Max. <i>Los materiais de la pintura y su empleo en el arte</i>. Barcelona: Reverte, 1989, p.351. • Graubner, Wolfram. <i>Ensambls en madera. Soluciones Japonesas y europeas..</i> Barcelona: Ediciones CEAC, Biblioteca técnica de la madera, 1991. • Guasch, Genma e Josep Asunción. <i>Óleo</i>. Badalona: Parramón. 2008, p. 121. • Huertas Torrejón. <i>Materiales, procedimientos y técnicas pictóricas I</i>. Madrid: Akal Bellas Artes, 2010.



- Huertas Torrejón. *Materiales, procedimientos y técnicas pictóricas II*. Madrid: Akal Bellas Artes, 2010.
- Jackson, Albert e David Day. *Manual completo de la madera, la carpintería y la ebanistería*. Madrid: Ediciones del Prado, 2001.
- Johnson, Hugh. *La madera. Origen, explotación y aplicaciones del más antiguo recurso natural*. Barcelona: Ed. Blume, 1989.
- Krung, Margaret. *Manual para el artista. Medios y técnicas*. Barcelona: Blume, 2008, p.256.
- Maltese, Corrado. *Las técnicas artísticas*. Madrid: Cátedra. Manual arte, 2006.
- Mayer, Ralf. *Los materiais del arte*. Barcelona: Tursten-hermann Blume, 2005.
- Smith, Ray. *El manual del artista*. Barcelona: Blume, 1991, p. 352.
- Thompson Daniel. V. *The practice of tempera painting. Materials and methods*. New York: Dover Publications, 2015.
- Hopkins, Albert A. e Gardner D. Hiscox. *El recetario industrial*. Barcelona: Gustavo Gili. Colección GGDIY, 2016.
- VVAA. *Aplicador de protecciones de la madera. Nivel cualificado*. Confemadera.
-

BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA:

-
- Cennini, Cennino. *El libro del arte*. Akal. 2006. p. 264.
- Petit Martínez, René. *Protección y conservación de la madera*. Santiago de Compostela: Tórculo Ediciones, 2015.
- Saccarello, Maria Vittoria. *La madera. De su conocimiento a su protección*. Bolibia: Editorial gente común, 2010.
- Leonardo Da Vinci. *Tratado de pintura*. Madrid: Akal, 2010, p. 508.
- Leon Battista Alberti. *De la pintura y otros escritos sobre arte*. Madrid: Editorial Tecnos, 2007, p.206.
- Domínguez Ortiz, Antonio, Alfonso E. Pérez Sánchez y Julián Gallego. *Velázquez*. Madrid: Ministerio de Cultura. 1990, p.467.
- VVAA. *Conceptos fundamentales del lenguaje escultórico*. Madrid: Akal. BellasArtes, 2006.